


Tarefas de música para Infantil

Boas, hoxe un instrumento chamado guitarra e un conto sobre el. Primeiro pintaremos a guitarra e despois coñeceremos a historia do canguro que quería tocar a guitarra.



GUITARRA



CONTO DO CANGURO

Había un canguro pequeniño e moi orelludo, con unas patas dianteiras cortiñas e unhas traseiras grandes e fortes para saltar moi lonxe. Aos seus amigos e primos lles encantaba andar saltando por todas partes; facían competicións de salto alto y longo, e tamén de quen chegaba máis rápido á casa despois da escola.

Sen embargo a este canguro non lle gustaban eses xogos porque eran competitivos. Ademais el tiña outros gustos, tales como quedarse vendo unha solpor cos seus papás, pintar co avó ou escoitar os contos da súa avoa canguro.

Certo día na escola lles preguntaron que querían ser de grandes; uns dixeron que bombeiro, outros doutor, profesora, paracaidista, etc., ata que lle tocou a quenda de responder a este canguro. Entón, con voz forte e clara dixo: quero ser guitarrista profesional. Primeiro se escoitou un silencio como o que se escoita no deserto, despois os seus amigos se riron del e lle comezaron a dicir un montón de cousas de mal gusto:

- Por que non podes elixir algo normal?
- Crees que vas a poder vivir diso?

E para rematar o asunto, alguén dixo:

- Como vas poder tocar a guitarra coas mans tan cortas! ¿Non te das conta que non podes?

O canguro sentiuse burlado e co corazón compunxido de tristeza. Nunca antes na súa vida se sentira desesa forma.

Cando chegou á súa casa contou o sucedido, momento no cal a súa avoa se puxo en agachouse e lle dixo:

– Neto do meu corazón: eu sei que ti podes facelo. Ti sempre podes, só tes que traballar duro para alcanzar os teus soños.

A mamá e o papá decidiron levalo a clases con un xabariil que tocaba o ukelele, unha guitarra hawaiana. Entón o pequeno canguro practicou, practicou y continuou facéndoo por moitos días.

Ata que chegou o momento da presentación. O canguriño saíu a escena co seu ukelele. Todos estaban sorprendidos e atoparon divertido o instrumento. O público quería que pasara pronto para que se presentara o resto dos músicos, ata que o noso amigo comezou a tocar.

Esa tarde tocou coma os deuses; os asistentes sentiron como a melodía chegaba ós seus corazóns e os tocaba de forma especial. Nese instante souberon que o canguro sentía un amor e unha paixón inconmensurable por este arte.

Cando o canguro terminou de tocar, todos se levantaron e aplaudiron tan forte como puideron. O pequeno canguro deixou rodar unha lágrima pola súa meixela debido á emoción que lle produciu o feito de cumprir o seu soño de converterse en un artista profesional.